

## **Asunto: corrección de erros na resolución de designación dos membros da Xunta Electoral**

**Procedemento:** renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario, de acordo coa Orde do 7.11.2022 (DOG núm. 214, do 10.11.2022)

### ANTECEDENTES

O día 30.11.2022 celebrouse a sesión constitutiva da Xunta Electoral designada nas eleccións para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario, reguladas na Orde do 7.11.2022 (DOG núm. 214, do 10.11.2022).

O primeiro punto da orde do día tratado nesa reunión foi a "Constitución da Xunta Electoral designada".

Nesa reunión, un dos seus membros, Manuel Iglesias Noya, puxo de manifesto un erro na resolución de designación dos membros da Xunta Electoral, consistente en que el mesmo consta como "*Manuel Iglesias Noya, como asociación de produtores do sector agrario de ámbito galego máis representativa*", sendo máis axeitado na súa designación a referencia a que actúa en representación de Asociación Agraria de Galicia (ASAGA).

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas prevé que: "*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

De acordo con anterior, RESOLVO:

Corrixir o erro detectado na resolución de designación dos membros da Xunta Electoral de data 21.11.2022, da seguinte forma:

Onde pon: "*Manuel Iglesias Noya, como asociación de produtores do sector agrario de ámbito galego máis representativa*".

Debe dicir: "*Manuel Iglesias Noya, en representación da Asociación Agraria de Galicia (ASAGA), como asociación de produtores do sector agrario de ámbito galego máis representativa*".

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O presidente da Xunta electoral  
José Luis Cabarcos Corral

